

PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO



**CEIP PLURILINGÜE
MONFORTE**

27016662



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

1.- DATOS DO CENTRO.....	3
1.1.- Nome do centro:	3
1.2.- Entidade responsable:	3
1.3.- Enderezo completo:	3
1.4.- Tipo de ensinanza que imparte e liñas do centro:	3
1.5.- Alumnado.....	3
1.6.- Contexto Escolar.....	3
2.- COORDINACIÓN PDC.....	4
3.- SINAIS DE IDENTIDADE E ORIENTACIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA	5
3.1.- Xustificación.....	5
4.- CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE	6
5.- OBXECTIVOS DO PDC	7
5.1.- Obxectivos Xerais.....	7
5.2.- Obxectivos específicos	7
6.- RECURSOS HUMÁNS	8
7.- EQUIPAMENTOS.....	10
7.1.- Instalación/ubicación	10
7.2.- Material.....	10
8.- OFERTA DE ACTIVIDAD FÍSICA E DEPORTIVA NO CENTRO EDUCATIVO.....	11
8.1.- En horario escolar	11
8.2.- En horario extraescolar	11
8.3.- En horario complementario	11
9.- ORZAMENTO ANUAL	12
10.- MEMBROS DO EQUIPO DE SEGUIMIENTO	12
11.- PAUTAS PARA ELABORAR A MEMORIA ANUAL	13
11.1.-Consecución dos obxectivos (avaliación de indicadores)	13
11.2.-Actividades (tipo, programación, horarios, etc.).....	13
11.3.-Participantes.....	13
11.4.- Valoración das actividades (aspectos positivos e negativos).....	14
11.5.- Resultados das competicións	14
11.6.- Recursos humanos	14
11.7.- Uso das instalacións.....	14
11.8.- Oferta de servizos	14
11.9.- Memoria económica	14
11.10.-Suxestións de mellora	15

1.- DATOS DO CENTRO

1.1.- Nome do centro:

CEIP Plurilingüe de Monforte (Colexio Novo)

1.2.- Entidade responsable:

Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Xunta de Galicia

1.3.- Enderezo completo:

Rolda de M^a Emilia Casas Baamonde, s/n. Monforte de Lemos (27400-Lugo)

Teléfono: 982 82 83 10

Fax: 982 82 83 15

web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmonforte/>

email: ceip.monforte@edu.xunta.es

1.4.- Tipo de ensinanza que imparte e liñas do centro:

Educación Infantil (E. I.): Liña 1

Educación Primaria (E. P.): Liña 2

1.5.- Alumnado

	3 anos	4 anos	5 anos	1º Prim.	2º Prim	3º Prim	4º Prim	5º Prim	6º Prim
Nº alumnos/as	25	20	22	31	31	38	31	36	35

1.6.- Contexto Escolar

Monforte de Lemos é un concello galego situado ao sur da provincia de Lugo, capital da comarca da Terra de Lemos e da Ribeira Sacra. Cunha poboación de 18.559 habitantes en 2018 é o segundo concello máis poboado da provincia de Lugo, so superado pola capital.

O CEIP Plurilingüe Monforte está preto da saída Norte do Concello e do barrio da Estación, á beira dereita do río Cabe. É un dos CEIP públicos da vila e actualmente ten 268 alumnos/as. A oferta educativa abrangue educación infantil e primaria dende os 3 aos 12 anos de idade, tendo liña 1 en infantil e liña 2 en primaria. Dende o curso 2019-2020 ten xornada continua sendo o horario de 9.00h a 14.00h.

A procedencia do alumnado na súa maioría é da propia localidade, pero tamén acode algún alumnado procedente das parroquias do Concello. Destacar a elevada % de alumnado estranxeiro (actualmente un 25% aproximadamente) e tamén algúns alumnos/as procedentes doutras comunidades autónomas.

As actividades extraescolares ofértanse tanto a primeira hora da mañá (“madrugadores” de 8:00 h. a 9:00 h.) como a partir da saída do comedor de 15:00 h. a 17:00 h. e son organizadas polo ANPA. Ofrece actividades moi variadas: informática, inglés, pintura, teatro, xadrez, robótica,... e abundan as actividades deportivas: fútbol sala, baloncesto, voleibol, ximnasia rítmica,...

Nota: NESTE CURSO 2020-2021 unicamente impartirase informática e voleibol por mor da COVID19.

A oferta deportiva do Concello é moi variada, tanto a nivel público como por parte dos clubs e asociacións deportivas. Desta forma atopamos as seguintes actividades:

- **Oferta Pública (escolas deportivas municipais):** Golf, Pádel, Kung Fu, Zumba.
- **Oferta privada (clubs e asociacións deportivas):** Ximnasia Rítmica (Club Quendra e Club Quicela), Natación (Club Natación Monforte), Atletismo (A.D. A Gándara), Baloncesto (CB Val de Lemos), Taekwondo (Club Taekwondo Neka), Piragüismo (Club Quixós), Fútbol (CP Calasancio e CF Monforte), Pesca (Club Pesca Monforte e Club Pesca Río Cabe), Golf (AD Río Cabe), Voleibol (Club Korbis e CV Ribeira Sacra), Ciclismo (Club Ciclista Monforte, Castelo Bike, CC Torre de San Vicente)

2.- COORDINACIÓN PDC

Nome: Óscar González Figueiras

Cargo que desempeña no centro: Mestre de Educación Física

Datos de contacto:

mail: oscargf@edu.xunta.gal

3.- SINAIS DE IDENTIDADE E ORIENTACIÓN DA PRÁCTICA DEPORTIVA

A orientación da práctica deportiva do centro debe ser coherente respecto ás finalidades que se promoven no PE. Conforme as súas directrices e obxectivos podemos afirmar que se pretende crear un clima seguro, acolledor e comfortable que estimule aos nenos e nenas a acudir ao centro.

Ademais , fomentase unha formación integral do alumnado desde o punto de vista intelectual, físico e afectivo-social. Se potencian os valores democráticos en xeral e, en especial, o respecto polos demais, o pluralismo e a solidariedade, entendida como compañeirismo e colaboración; a coeducación, en canto a igualdade de oportunidades sen diferenza de sexo; o sentido da liberdade ligado ao da responsabilidade; e o traballo e o estudo como medios de desenvolvemento persoal.

Ese conxunto de valores que se pretende inculcar nos alumnos poden conseguirse a través da práctica deportiva. Nesta liña e sabendo que hai diferentes modos de orientar esta , centraremos os nosos esforzos na práctica cara a saúde, a ocupación do tempo libre e a competición escolar. Por outro lado, queremos mencionar a importancia que se outorga á participación de todo o alumnado nas actividades deportivas do centro. Procúrase potenciar a igualdade de oportunidades e a inclusividade nas clases.

3.1.- Xustificación

O Plan de Fomento de Actividade Física Galicia Saudable establece entre as súas prioridades, e fronte aos prexuízos derivados do sedentarismo, o incremento da actividade física en idade escolar, tanto no centro escolar (dentro e fóra do currículo) como fra do propio centro (en horario lectivo e non lectivo).

Con este programa, se pretende difundir entre a comunidade educativa a necesidade de levar unha vida activa e propiciar, que os nenos e as nenas, incrementen a súa carga de actividade física realizada no ámbito do centro educativo, experimentando novas formas e modelos para conseguir unha condición física máis saudable e adoptar hábitos de vida máis activos.

4.- CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística, a través da adquisición de normas e o traballo globalizado.
- Matemáticas e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, axudando ao desenvolvemento das capacidades perceptivo-motrices coas diferentes metodoloxías lúdicas.
- Dixital, a través do uso de aplicacións informáticas e das redes sociais como ferramentas para compartir coñecementos e experiencias, fomentando a creación de redes e micro-redes de traballo.
- Aprender a aprender, á que se chega a través da consecución de vivencias que contribúan a crear e asentar hábitos de ocio activo, así como recursos básicos para que os participantes autoxestionen as súas prácticas.
- Sociais e cívicas, favorecendo os aspectos afectivos e sociais da súa personalidade.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor, axudándolles a proxectar e ampliar os coñecementos nas actividades físico-deportivas que realicen no seu tempo de ocio ao longo de toda a súa vida, sabendo que é o que se fai e escollendo en función dos seus coñecementos, necesidades e intereses aquilo que lles pareza máis oportuno.
- Conciencia e expresións culturais, cos xogos populares e coñecementos sobre a cultura físico-deportiva.

5.- OBXECTIVOS DO PDC

5.1.- Obxectivos Xerais

O centro escolar actuará como dinamizador e promotor de hábitos de vida activa e saudable, rendabilizando os recursos existentes no seu ámbito de influencia (públicos e privados). O seu obxectivo final é que o 100% do alumnado reciba información e asesoramento de como incorporar no seu día a día, tanto no horario lectivo como fóra del a actividade física, o exercicio físico e/ou o deporte como hábito de vida saudable; como incrementar a práctica de actividade física, co obxectivo final de loitar contra o sedentarismo, creando hábitos que perduren fora do centro escolar e ao longo de toda a súa vida.

5.2.- Obxectivos específicos

O PDC será o instrumento de planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de fomento da actividade física, exercicio físico e deporte para a saúde nos escolares galegos, sendo o primeiro paso para a constitución dunha Unidade de Promoción do Exercicio Físico saudable (UPES) nos centros educativos.

O PDC terá un coordinador (deportivo) de centro que actuará como nexo de unión, coordinando e rendabilizando as actuacións que se poidan realizar entre os distintos axentes implicados , entre outros:

- Secretaría Xeral para o Deporte.
- Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Persoal docente do centro escolar e resto de persoal dos centros educativos (conserxería, limpeza, cociña, mantemento, etc).
- ANPA e comunidades educativas.
- Concello.
- Agrupación deportiva escolar.
- Servizos deportivos da localidade (públicos e privados).

6.- RECURSOS HUMÁNS

(Curso 2020-2021)

Os recursos humanos que facilitan e favorecen a práctica deportiva no centro e os seus arredores:

Responsable de coordinación

Coordinador: Óscar González Figueiras

En primeiro lugar, está a figura DO COORDINADOR DEPORTIVO, neste caso cuberta por un mestre de Educación Física do centro. É o que se encarga xunto ao resto do profesorado de Educación Física e un grupo de profesores pertencentes ao claustro, de organizar e levar a cabo diferentes actividades deportivas en horario escolar.

Persoal docente colaborador

D^a María Núñez Gutiérrez

D^a Silvia López González

O centro participa dende fai dous cursos no Plan Proxecta, modalidade Proxecto Deportivo de Centro (PDC). Os membros do claustro interesados en colaborar poden inscribirse de xeito voluntario neste proxecto.

Familiares colaboradores

ANPA A Lagoa

Tamén contamos coa axuda da ANPA A Lagoa. Esta organiza as actividades extraescolares do centro e se encarga da contratación do persoal necesario, tales como técnicos deportivos ou monitores das actividades.

Persoal técnico deportivo e/ou monitores/as

Actividade	Nome do monitor	Titulación
Voleibol	Miguel de a Gama	Adestrador Nacional Nivel III e Internacional Nivel I

Procurarase respectar o establecido na Orde de 22 de Xullo de 1997 que no seu capítulo IX artigo 2.4 establece que: *A dirección e realización de actividades extraescolares de formación física, deportiva ou danza, en calquera das súas variantes, estará sempre a cargo de persoal técnico cualificado que dispoña de titulación académica suficiente para impartir este tipo de ensinanza, de acordo coa*


súa normativa, ou que estea legal e suficientemente habilitado para tal efecto pola Administración competente.

7.- EQUIPAMENTOS

7.1.- Instalación/ubicación

O CEIP Plurilingüe Monforte conta coas seguintes instalacións susceptibles de ser empregadas para a práctica deportiva:

- Pista polideportiva pechada e cuberta, de 800 m², con campos de fútbol sala, baloncesto e voleibol, con porterías, canastras e redes.
- Pista polideportiva descuberta inferior de 700 m² con pista de mini -baloncesto con dúas canastras, dúas pistas de voleibol con rede e xogos populares.
- Pista superior descuberta lisa de 500 m²
- Ximnasio, de 15*10 m² con vestiarios, espaldeiras, espello, equipo de música e megafonía, despacho e almacén de material.



7.2.- Material

O material deportivo co que contamos no centro é diverso e variado, adaptado ás idades do alumnado; encóntrase polo xeral en bo estado e existe unha boa disposición por parte do equipo directivo a facilitar a reposición e/ou ampliar o material existente en caso de consideralo necesario.

8.- OFERTA DE ACTIVIDAD FÍSICA E DEPORTIVA NO CENTRO EDUCATIVO

Debido ás restricións derivadas do COVID19 neste curso 2020-2021 non se realizarán gran parte das actividades ofertadas habitualmente en outros cursos, polo que neste apartado reflexaremos as actividades programadas para un curso NON-COVID19

8.1.- En horario escolar

- Unidades Didácticas das clases de Educación Física.
- Realización das probas do programa DAFIS.
- Utilización do material de Xogos Populares dentro do programa XOGADE
- Participación no programa PEQUEVOLEY da Real Federación Española de Voleibol

8.2.- En horario extraescolar

- Actividades extraescolares organizadas pola ANPA: de luns a venres 15:00h a 17:00h.
- Competicións deportivas escolares dentro do programa XOGADE: venres pola tarde (fútbol sala) e fins de semana (voleibol e campo a través)
- Participación na Carreira Popular Concello de Monforte (mes de marzo)

8.3.- En horario complementario

- Xornada de xogos populares no Magosto.
- Competicións deportivas de voleibol, nos recreos.
- Participación na Andaina Camiño de Inverno.
- Visita de clubs deportivos ao centro dentro da modalidade “Coñece ao meu club”: Taekwondo, Piragüismo, Bádminton e Béisbol.
- Participación na actividade “Barcos Dragóns” dentro do programa XOGADE.

9.- ORZAMENTO ANUAL

Ata o momento non foi preciso establecer un orzamento concreto para o Proxecto Deportivo do Centro, posto que sempre que se necesitou realizar un investimento en algún aspecto concreto relacionado co fomento da actividade física o centro amosou boa disposición.

Tamén é certo que o profesorado de Educación física do centro tenta xestionar todos os recursos posibles para o seu alumnado, participando en todas aquelas actividades que consideran axeitadas e que lles proporcionan recursos deportivos.

No curso 2019-2020, coa colaboración do Concello de Monforte, marcáronse novas pistas de voleibol tanto no ximnasio como no patio inferior, así como se redimensionou o tamaño da pista de fútbol sala do pavillón deportivo para cumprir os requisitos de seguridade (as marcas da pista anterior estaban demasiado preto da parede). Tamén se investiu en renovar os balóns de voleibol, aproveitando a campaña do kit de pequevolei.

10.- MEMBROS DO EQUIPO DE SEGUIMENTO

Directora do centro: D^a María Núñez Gutiérrez

Coordinador PDC: Óscar González Figueiras

11.- PAUTAS PARA ELABORAR A MEMORIA ANUAL

A memoria anual constitúe un documento de resume, cun enfoque centrado na avaliación das medidas emprendidas no PDC. A responsabilidade da elaboración da memoria anual é do coordinador, sendo recomendable a participación de varios colaboradores na recompilación da información. Hai que ter en conta que as normas de funcionamento dos centros das distintas comunidades autónomas requiren que o informe anual sexa ratificado polo Consello Escolar.

A memoria anual ten un marcado carácter cuantitativo que culminará coa creación de aspectos cualitativos para a mellora. Todo isto recollerase en diferentes apartados avaliados a través de indicadores de avaliación, entre os que destacan os seguintes:

11.1.-Consecución dos obxectivos (avaliación de indicadores)

Os indicadores correspondentes son a referencia para avaliar o nivel de logro dos obxectivos planificados xa que o especifican de xeito operativo; é dicir, que pode ser cuantificable e, polo tanto, avaliabile.

11.2.-Actividades (tipo, programación, horarios, etc.)

Enumeraranse as actividades realizadas segundo o esquema establecido no apartado 8.

» Durante o horario escolar: actividades especialmente programadas desde a área de Educación Física.

» Actividades físico-deportivas complementarias en horario escolar.

» Actividades fóra do horario lectivo: estarán relacionadas con actividades físicas, educativas e deportivas programadas e realizadas despois do horario lectivo.

Así mesmo, listarase as competicións ou o número de partidos, as actividades programadas suspendidas, etc.

» Establecerase unha lista de aspectos positivos e negativos atopados nas actividades realizadas.

11.3.-Participantes

Relacionaranse os datos cuantitativos de participación. Será preciso indicar cifras globais así como cifras por actividades ou segundo grupos específicos de alumnos.

Esta sección ten unha grande importancia xa que permite o seguimento e comparación entre os diferentes cursos académicos. Ademais, é recomendable recompilar información sobre o índice de asistencia ás actividades propostas (adestramentos, partidos,...).

11.4.- Valoración das actividades (aspectos positivos e negativos)

Trátase de avaliar a satisfacción coas actividades propostas e o seu desenvolvemento, tanto por parte dos alumnos como das familias. Esta información pódese recoller realizando un breve cuestionario no que tamén podería incorporarse a detección de novos intereses e necesidades que a oferta actual non cubre.

11.5.- Resultados das competicións

Rexistrárase o número de competicións no que se participou, así como os resultados obtidos nelas.

11.6.- Recursos humanos

Relacionarase as persoas que participaron na realización das distintas actividades en calidade de persoal educativo e dinamizador, así como a súa dedicación. Tamén será necesario recoller información sobre o nivel de cualificación profesional do persoal técnico deportivo.

11.7.- Uso das instalacións

É importante ter datos cuantitativos sobre o uso real das instalacións para facer rendible o seu uso. Do mesmo xeito, o grao de satisfacción e os incidentes deberían reflectirse nesta sección.

11.8.- Oferta de servizos

Rexistrárase unha lista dos servizos ofertados e o seu uso real polo alumnado.

11.9.- Memoria económica

Rexistrárase os ingresos e gastos reais. Cómpre lembrar que o informe financeiro é ratificado polo Consello Escolar.

11.10.-Suxestións de mellora

Nesta sección recolleranse as propostas de mellora que saian da reunión de avaliación do proxecto.

Presentado e aprobado en sesións ordinarias de Claustro e Consello Escolar, con data 30 de xaneiro de 2021.

A secretaria

Asdo.: Teresa Fernández

Vº e praxe

Asdo.: María Núñez

Directora